

Indicadores do sector empresarial

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

En 1985 a Comisión europea comezou construír un banco de datos para as contas anuais (base de datos BACH¹) agregando varios sectores duns cantos países comunitarios, Xapón e Estados Unidos. A finalidade era analizar a estrutura das empresas non financeiras neses países. En 1987, tras a iniciativa de varios bancos centrais, creouse un Comité europeo.

O grupo de traballo de Referencias Sectoriais Europeas do citado Comité Europeo de Centrais de Balances (ECCBSO) desenvolveu unha ferramenta que proporciona os ratios financeiros do sector de sociedades non financeiras de distintos países europeos. O obxectivo desta ferramenta é facilitar referencias sectoriais coas que comparar os resultados das empresas europeas. No momento actual, estas referencias estatísticas conteñen 28 ratios diferentes.

No Instituto Galego de Estatística tentamos replicar a construción deses ratios europeos para as empresas galegas.

Estes ratios deseñáronse principalmente para usuarios de institucións financeiras, como instrumento complementario para a súa análise de risco. Os ratios ofrecidos céntranse en estrutura financeira, cash-flow e rendibilidade. O usuario poderá usar estes indicadores de diferentes xeitos:

- comparar as ratios dunha empresa coas do seu sector
- comparar as ratios dunha empresa coas do seu mesmo tamaño e sector
- comparar diferentes actividades entre sí, ou
- elaborar todos estes análises con diferentes niveis de agregación.

Todas as ratios amósanse en forma de quartís.

Con esta operación estatística pretendemos obter información sobre a situación económica e financeira e a súa evolución no tempo, das empresas de Galicia mediante a agregación, por actividade económica e tamaño da empresa, da información contable contida nos seus balances e contas de perdas e ganancias.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

A unidade básica da que se recolle información é a empresa que posúe sede social no territorio galego, non o establecemento, polo tanto atopámonos con algúns inconvenientes. Exclúense empresas que teñen sede social noutras comunidades autónomas aínda que teñan establecementos

¹ Bank for the Accounts of Companies Harmonised

aquí e inclúense os datos dos establecementos que aínda estando fóra teñen a empresa matriz en Galicia. Síguese, polo tanto, o mesmo criterio que no Rexistro Mercantil.

Solo se pode obter información económico-financeira daquelas empresas que teñan a obriga de presentar as súas contas no Rexistro, é dicir, as constituídas como sociedades mercantís (na sua maior parte, sociedades anónimas e de responsabilidade limitada). Quedan fóra, a meirande parte das cooperativas, autónomos e outras figuras englobadas dentro do concepto de economía social.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

O ámbito temporal correspóndese co ano natural. Preséntanse datos a partir do ano 2007.

3. Definicións e aspectos metodolóxicos

A definición dos ratios da base de datos de Referencias Sectoriais Europeas está baseada na presentación da base de datos europea de contas anuais BACH. O proxecto BACH foi posto en marcha pola Comisión Europea e os membros do Comité Europeo de Centrais de Balances (ECCBSO).

Os membros do ECCBSO son:

Bancos Centrais:

- Bank of England
- Deutsche Bundesbank
- Central Bank of Ireland
- Banque de France
- Banco de España
- Banco de Portugal
- Oesterreichische Nationalbank
- Bank of Greece
- National Bank of Belgium

Oficinas de estatística:

- Statistics Netherlands
- Statistics Finland

Afiliado ao Banco Central Italiano e os principais bancos comerciais:

- Centrale dei Bilanci – Cerved srl

Xa que o principal obxectivo do proxecto BACH é a harmonización das contabilidades nacionais ata o punto de facelas comparables entre países, o ECCBSO creou unha presentación común baseada na Cuarta Directiva (78/660/ECC). Nunha segunda fase, cada país creou unha táboa de paso entre a presentación nacional e a presentación BACH.

Para a distribución das empresas segundo o seu tamaño optouse por seguir o criterio emanado da Unión Europea.

A Comisión das Comunidades Europeas formulou en 2003 a Recomendación 2003/361/CE, sobre a definición normalizada de microempresas, pequenas, medianas e grandes empresas .Nela considérase empresa a toda entidade independentemente da súa forma xurídica, que exerce unha actividade económica, incluídas, en particular, as entidades que exercen unha actividade artesanal e outras actividades a título individual ou familiar, as sociedades personalistas ou as asociacións que exercen unha actividade económica de forma regular. Os efectivos e límites financeiros que definen as categorías de empresas son:

a) Número de empregados. Non foi posible aplicar este criterio en todos os casos pois, aínda que dita información ten que ser cumprimentada, son moi poucas as empresas que o fan nas súas contas e atopámonos con espazos “baleiros”.

b) Volume de negocio. Esta variable aos efectos da clasificación das empresas polo seu tamaño, foi aproximada polos "Ingresos de explotación", xa que o "Importe neto da cifra de negocios" non está cumprimentado en todos os depósitos presentados e válidos.

c) Balance. Este criterio aplícase sen ningún problema.

Os limiares máximos aplicables son:

	Condições "ou"		Condições "e"	
Estratos	Cifra de negocios	Balance	Cifra de negocios	Balance
	Millóns de EUROS		Millóns de EUROS	
Medianas	<=50	<=43		
Pequenas	<=10	<=10		
Microempresas			<=2	<=2

Nos casos nos que non tiñamos o importe neto da cifra de negocios utilizamos o criterio do número de traballadores que segundo a Recomendación 2003/361/CE é o que segue:

- **Microempresa:** aquela que ten menos de dez traballadores.
- **Empresa pequena :** é aquela que presenta entre 10 e 49 traballadores.
- **Mediana empresa :** a que ten un número de traballadores comprendidos entre 50 e 249.
- **Gran empresa :** aquela que ten 250 ou máis traballadores.

Para a clasificación das empresas atendendo á actividade que desenvolven, utilízase a recomendación do Sistema Europeo de Contas 1995 (SEC) baseada na Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 2009).

Os datos para o cálculo dos indicadores obtémolos dunha base de datos (SABI) que nos facilita a empresa Informa e depurámoslos cos datos que temos no Directorio de Empresas que anualmente elabora o Instituto Galego de Estatística.

Desde 1990, as empresas españolas están obrigadas a depositar as súas contas anuais nos Rexistros Mercantís da provincia do seu dominio social, co obxecto de facelas públicas. A orixe desta obriga atópase na Lei 19/1989 de adaptación da lexislación mercantil ás directivas da UE en materia de sociedades.

Os datos subministrados polas empresas obrigadas a presentar as súas contas anuais nos Rexistros Mercantís permiten distintos usos estatísticos. Son rexistros administrativos que por unha banda, serven de base informativa para a estimación das macromagnitudes da economía galega; pola outra, os datos de localización e denominación das empresas que presentan as súas contas utilízanse para encher e actualizar o directorio de establecementos e empresas para poder realizar así estudos de carácter microeconómico ou empresarial cun marco axeitado.

Para todas as ratios calculamos: número de empresas coas que se fan os cálculos en cada caso, media, suma, desviación típica, valor mínimo, valor máximo, mediana, e cuartís.

Todas as ratios amósanse en forma de cuartís.

Os cuartís calcúlanse do seguinte xeito; para cada ratio individual, as observacións dunha mostra determinada se colocan en orden ascendente. Esta mostra divídese despois en catro partes iguais.

Os limiares entre estes cuartos reciben os seguintes nomes:

Q1 (Primeiro cuartil) : é o valor que deixa por debaixo o 25% dos ratios. Tamén se coñece como o percentil 25.

Q2 (Segundo cuartil): é o valor que divide a mostra en dúas metades. Tamén se coñece como mediana ou percentil 50.

Q3 (Terceiro cuartil): é o valor que deixa por debaixo o 75% das ratios. Tamén se coñece como percentil 75.

A vantaxe de presentar así as variables radica en que os valores de empresas moi grandes e outros valores extremos non provocan sesgos nos resultados. O peso relativo de cada ratio dentro da distribución é o mesmo, independentemente da magnitude relativa dunha empresa ou da existencia de valores extremos. Ademais truncamos a distribución posto que antes de calcular os percentís

eliminamos un 1% dos valores extremos nos casos nos que traballamos con menos de 1000 empresas e un 0,5% cando o número de empresas é superior a 1000.

Os casos nos que teñamos un valor nulo do denominador do ratio son excluídos por motivos matemáticos. Polo mesmo motivo tamén son excluídos todos os casos con valores negativos no denominador evitando así distorsións na distribución.

Neste momento a base de datos de Referencias Sectoriais Europeas permite a análise das seguintes 28 ratios:

RATIOS	
R01. Valor engadido / Cifra neta de negocios	
R02. Gastos de persoal / Cifra neta de negocios	
R03. Resultado económico bruto / Cifra neta de negocios	
R04. Cash flow (Resultado económico bruto)/Total débeda neta	
R05. Resultado económico neto / Cifra neta de negocios	
R06. Gastos financeiros e asimilados / Resultado económico bruto	
R07. Gastos financeiros e asimilados / Cifra neta de negocios	
R08. Resultado financeiro / Resultado económico bruto	
R09. Resultado financeiro / Cifra neta de negocios	
R10. Resultado económico neto / Total activo	
R11. Resultado antes de impostos / Fondos propios	
R12. Resultado despois de impostos / Fondos propios	
R13. Inmobilizado financeiro / Total activo	
R14. Inmobilizado material / Total activo	
R15. Activo circulante / Total activo	
R16. Cifra neta de negocios / Total Activo	
R17. Existencias / Cifra neta de negocios	
R18. Debedores comerciais/ Cifra neta de negocios	

RATIOS	
R19. Acredores comerciais / Cifra neta de negocios(*)	
R20. Capital circulante / Cifra neta de negocios(*)	
R21. Activos financeiros a corto prazo e dispoñibilidades / Total activo	
R22. Fondos propios / Total pasivo	
R23. Provisións para riscos e gastos / Total pasivo	
R24. Débedas con entidades de crédito / Total pasivo(*)	
R25. Débedas con entidades de crédito, longo prazo / Total pasivo(*)	
R26. Débedas con entidades de crédito, curto prazo / Total pasivo(*)	
R27. Débedas a medio e longo prazo / Total pasivo	
R28. Débedas a corto prazo / Total pasivo	

(*)Os ratios R19, R20, R24, R25 e R26 non están dispoñibles para as empresas de reducida dimensión.

Ademais destes ratios, calculamos tamén as seguintes variables seguindo as definicións do "Nuevo Plan General Contable 2007":

Cifra neta de negocios

Ingresos de explotación

Consumos intermedios

Valor engadido

Gastos de persoal

Resultado económico bruto

Gastos financeiros e asimilados

Resultado económico neto

Total activo

Total pasivo

Inmovilizado financeiro

Resultado financeiro

Inmovilizado material

Resultado antes de impostos

Resultado do exercicio
Activo circulante
Existencias
Debedores comerciais
Activos financeiros a curto prazo e dispoñibilidades
Fondos propios
Provisións para riscos e gastos
Débedas a medio e longo prazo
Débedas a curto prazo
Total débeda neta
Acredores comerciais
Capital circulante
Débedas con entidades de crédito a longo prazo
Débedas con entidades de crédito a curto prazo
Débedas con entidades de crédito

Destas variables obtemos as seguintes medidas:

Número de empresas coas que se fan os cálculos en cada caso.

Media

Suma

Desviación típica

Valor mínimo

Valor máximo

Mediana

Cuartís

Dentro do sector da industria e dos servizos, posto que abranguen un campo moi amplo, fixemos unhas desagregacións a maiores do seguinte xeito:

As empresas do sector industrial coas que contamos dividímolos en sete grupos :

- . Industrias extractivas, enerxía, auga e residuos (CNAE 06,07,08,09,19,35,36,37,38 e 39)
- . Alimentación, bebidas e tabaco (CNAE 10,11 e 12)
- . Têxtil, confección, coiro e calzado (CNAE 13, 14 e 15)
- . Madeira e cortiza, papel e artes gráficas (CNAE 16, 17 e 18)
- . Industria química e farmacéutica; caucho e materias plásticas, produtos minerais non metálicos diversos (CNAE 20,21,22 e 23).
- . Metalurxia e fabricación de produtos metálicos excepto maquinaria e equipo (CNAE 24 e 25).

. Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico. Maquinaria e equipo mecánico. Material de transporte. Industrias manufactureiras diversas, reparación e instalación de maquinaria e equipo. (CNAE 26,27,28,29,30,31,32 e 33).

Coas empresas do sector servizos fixemos nove divisións que son as que seguen:

- . Venta e reparación de vehículos e motocicletas (CNAE 45)
- . Comercio por xunto e intermediarios do comercio (CNAE 43)
- . Comercio polo miúdo (CNAE 47)
- . Transporte e almacenamento (CNAE 49, 50,51, 52 e 53)
- . Hostalería (CNAE 55 e 56)
- . Información e comunicacións (CNAE 58,59,60,61,62 e 63)
- . Actividades profesionais, científicas e técnicas (CNAE 69,70,71,72,73 e 74)
- . Actividades administrativas e servizos auxiliares (CNAE 78,79,80,81 e 82)
- . Outros servizos (CNAE 64, 65,66,68,75 e 77)

4. Presentación de resultados

Os resultados publicaranse cunha periodicidade anual presentando os valores das medidas propostas para cada variable (nos casos nos que sexa posible) e tendo en conta as diferentes agregacións atendendo ao tamaño das empresas e a actividade que desenvolven.

Cada ano pódese recibir información referente a anos anteriores que faga que se revisen os datos cara atrás e poida variar algún.

Publícanse tamén comparacións entre as empresas das que temos datos durante dous anos consecutivos. Comparacións homoxéneas das variables de estudo (excluíndo os ratios) das mesmas empresas durante dous anos, tendo en conta o tamaño das empresas (grandes, medianas, pequenas e micro empresas) e o sector de actividade ao que pertencen (agricultura, industria, construción e servizos).

Notas metodolóxicas

Cifra neta de negocios: trátase dun concepto definido polo artigo 35 do Código de Comercio (redacción da Lei 16/2007) “A cifra de negocios comprenderá os importes da venda dos produtos e da prestación de servizos ou outros ingresos correspondentes ás actividades ordinarias da empresa, deducidas as bonificacións e demais reducións sobre as vendas así como o Imposto sobre o Valor Engadido, e outros impostos directamente relacionados coa mencionada cifra de negocios, que deban ser obxecto de repercusión”.

Ingresos de explotación: pódense definir como a venta efectuada nun período e como consecuencia da actividade típica da empresa. Pola súa comparación cos gastos de explotación obtense o resultado neto de explotación, tamén chamado funcional, sen ter en conta calquera outro resultado alleo ao extraordinario da explotación.

Consumos intermedios: representan o valor dos bens e servizos consumidos como inputs nun proceso de produción, excluídos os activos fixos, cuxo consumo rexístrase como consumo de capital fixo.

Os consumos intermedios débense estimar pola diferenza entre as adquisicións e as variacións de existencias dos bens destinados a consumos intermedios.

Valor engadido : o valor xerado por toda unidade dedicada a unha actividade produtiva. É un dos saldos máis importantes do sistema. Calcúlase como diferenza entre a produción e os consumos intermedios.

Gastos de persoal: nesta partida recóllense a totalidade dos gastos que supón o persoal da empresa, que será a suma de Soldos e Salarios e Cargas Sociais.

Resultado (económico neto) de explotación: é o resultado xerado pola actividade propia da empresa. Se calcula como diferenza entre os Ingresos de Explotación e os Gastos de Explotación.

Resultado (económico bruto) de explotación: calcúlase sumando ao Resultado Económico Neto de Explotación as amortizacións.

Resultado financeiro: é o resultado que xera a actividade financeira da empresa. Calcúlase como diferenza entre os Ingresos Financeiros e os Gastos Financeiros.

Resultado (neto) do exercicio: é o resultado final da actividade da empresa, é dicir, despois de impostos. Calcúlase como diferenza entre todos os ingresos e todos os gastos da empresa.

Gastos financeiros e asimilados: inclúese nesta partida todo tipo de gastos nos que incorre a empresa cando solicita fondos a terceiros para o seu financiamento.

Total activo: enténdese o que aparece como total no Balance.

Activo circulante: compóñeno as partidas do activo con maior grado de liquidez. Concretamente está formado por Existencias, Debedores, Tesourería e Outro Activo Circulante.

Inmobilizado financeiro: activos, de natureza financeira pura, que posúe unha empresa que non son utilizados de maneira directa no proceso produtivo. O seu obxectivo é o de manter o control sobre as filiais ou unha participación estable en outras empresas mediante a posesión de accións, obrigacións, créditos, bonos, etc.

Inmobilizado material: parte do activo dunha empresa constituído por elementos patrimoniais, tanto mobles coma inmobles, utilizados para o desenvolvemento permanente das súas actividades produtivas. Son contabilizados segundo o seu prezo de adquisición máis os gastos de posta en funcionamento, e están suxeitos a amortización debido á perda de valor que sofren no proceso produtivo. Segundo o Plan Xeral de Contabilidade está formado por terreos e bens naturais (que non se amortizan), construcións, maquinaria, ferramenta, instalacións, outras instalacións, elementos de transporte, mobiliario, equipos para procesos de información, e outro immobilizado material.

Resultado antes de impostos: resultado ordinario do exercicio ao que súmanselle os resultados extraordinarios.

Existencias: nesta partida recóllese o valor dos produtos que a empresa ten almacenados en calquera fase do proceso produtivo.

Débeda (acreedores) a curto prazo: inclúe as débedas que a empresa ten contraídas con terceiros e cuxo prazo de esixibilidade é inferior ao ano.

Débeda total: é a suma das Débedas a Longo Prazo e as Débedas a Corto Prazo.

Debedores: recolle o saldo das obrigacións de terceiros coa empresa. Dentro desta partida inclúense a conta de Clientes e a de Outros debedores.

Recursos alleos a medio e longo prazo: pasivos ou débedas cuxo vencemento sitúase entre os 18 e os 36 meses. Tamén débedas ou esixible a medio e longo prazo.

Débeda comercial: toda débeda derivada dunha operación comercial ou mercantil.

Activo financeiro: nome xenérico que se lle da ás inversións en títulos valores (accións), certos dereitos sobre inmobles realizables de inmediato ou ben documentos expresivos de créditos, cupóns de subscripción preferente, etc .

Fondos propios: inclúe todos aqueles recursos da empresa que non teñen prazo de esixibilidade e que foron aportados polos socios ou xerados pola propia empresa. Está formado polas partidas: Capital Subscrito, Reservas, Resultado de exercicios anteriores, Perdas e Ganancias e Outros Fondos Propios.

Provisións para riscos e gastos: provisións cuxo obxecto é cubrir gastos, orixinados no mesmo exercicio ou noutro anterior, ou perdas ou débedas, que estean claramente especificadas en cuanto á súa natureza, pero que na data de peche do balance sexan probables ou certas, ou estean indeterminadas no que respecta ao seu importe ou á data na que se producirán.

Acredor: a persoa á que outra persoa debe cartos. A relación de acredor normalmente xurde como consecuencia dun préstamo de diñeiro, mais pode xurdir tamén por outros motivos. Tamén denominado prestamista. Persoa física ou xurídica que ten dereito a esixir o pago dunha débeda. Subministrador de bens ou servizos que non ten a condición estrita de provedor. Persoa natural ou xurídica que ten dereito a pedir o pago dunha débeda ou o cumprimento dunha obriga.